

De orde do Sr. Alcalde achégolle a orde do día da sesión ordinaria que celebrará o Excmo. Concello Pleno, no Pazo Municipal de Ferrol, o día 26 de xullo de 2018, ás 9:30 horas, en primeira convocatoria.

### ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores, correspondentes ás celebradas os días 18 de xuño (extraordinaria) e 28 de xuño (extraordinaria) de 2018.

2.- Dar conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e os seus Delegados no período comprendido entre os días 19 de xuño ó 12 de xullo de 2018.

#### ÁREA DE ALCALDÍA

##### Intervención

3.- Proposta de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito da relación de facturas nº 34. Expediente 2018017164.

4.- Proposta de aprobación das contas de Emafesa do ano 2014.

5.- Proposta de aprobación das contas de Emafesa do ano 2015.

6.- Proposta de aprobación das contas de Emafesa do ano 2016.

##### Facenda

7.- Proposta de aprobación das bases sobre o procedemento de libre concorrência para a cesión de uso dos locais dos andares 1º e 2º do C.C. do Inferniño a entidades asociativas. Apertura do período de presentación de solicitudes.

#### ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, ZONA RURAL, SERVIZOS E OBRAS.

##### Servizos

8.- Proposta de aprobación da I Addenda ao Convenio de Colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para a execución da actuación de saneamento na Malata.

#### ÁREA DE PARTICIPACIÓN, SEGURIDADE E TRÁFICO, EMPREGO, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PROMOCIÓN ECONÓMICA

##### Seguridade e Tráfico

9.- Proposta de aprobación do Pacto pola Mobilidade 2018.



10.- Proposta de aprobación do Convenio entre o Excmo Concello de Ferrol e a Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao en materia de prevención e extinción de incendios 2018-2019.

11.- Proposta de aprobación da autorización para dar de baixa armas depositadas no armeiro da Policía Local.

ÁREA DE MOCIDADE, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E MULLER.

Benestar

12.- Proposta de aprobación da supresión do Rexistro Municipal de Parellas Non Casadas.

Igualdade

13.- Dar conta das vítimas mortais por violencia de xénero, dende o 20 de xuño ata o 19 de xullo de 2018.

MOCIÓNS

14.- Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en relación aos restos de Francisco Franco e a simboloxía franquista na nosa cidade.

15.- Moción do Grupo Municipal Ciudadanos relativa a poñer a disposición dos veciños un horto urbano dentro do Parque do Montón.

16.- Moción do Grupo Municipal Popular para solicitar a posta en marcha de políticas de prevención en materia de drogodependencias nos centros educativos.

17.- Moción do Grupo Municipal Popular para apoiar as reivindicacións cidadáns contra a eliminación do aparcadoiro soterrado da Praza de Armas.

18.- Moción do Grupo Municipal Socialista instando á eliminación dos símbolos franquistas na cidade de Ferrol.

19.- Moción do Grupo Municipal Socialista sobre a exposición ó amianto.


20.- ROGOS E PREGUNTAS

Ferrol, 20 de xullo de 2018  
O Secretario Xeral

D. Leopoldo Moure García





 <b>Concello de Ferrol</b> ORGANIZACIÓN Rexistro		OVA Xestión Rexistro Xeral
17 XUL 2018		
ENTRADA Redebando ó súa. Págozelle ó negociado.	37351 <i>Sara B. ...</i>	

## MOCIÓN DO BNG EN RELACIÓN AOS RESTOS DE FRANCISCO FRANCO E A SIMBOLOXIA FRANQUISTA NA NOSA CIDADE

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno da Corporación

### Exposición de motivos

O anuncio, por parte do goberno do estado Español, de dar cumprimento ao acordo do Congreso de retirar os restos mortais do dictador Francisco Franco do seu mausoleo no Val dos Caidos e a existencia na nosa cidade dun panteón no cemiterio municipal de Catabois que supostamente pertence á familia do dictador deixa aberta a posibilidade de que os restos mortais de Francisco Franco poidan ser soterrados na nosa cidade tras a súa exumación da súa tumba actual.

Esta posibilidade debería ser rexeitada contundentemente por parte deste concello. A nosa cidade xa padeceu suficiente estigma histórico polo feito de ser a cidade natal de Francisco Franco e levar durante 44 anos o indeseábel apelido "del caudillo". Apelido que aínda a día de hoxe non está completamente olvidado e comprobamos como é frecuente que por parte de administracións públicas ou empresas privadas se siga empregando a denominación deturpada co apelido "del Caudillo" para referirse a nosa cidade.

Así mesmo é hora de libramos completamente dos retazos que o franquismo e o seu réxime aínda manteñen na nosa cidade para dar cumprimento a Lei de Memoria Histórica e pola dignidade de non ensalzar unha dictadura fascista que provocou milleiros de mortos froito da represión cruenta que practicou.

Debemos limpar a nosa cidade daquelas referencias que aínda perviven da dictadura fascista a empezar por retirar a placa conmemorativa do nacemento de Francisco Franco da súa casa natal. Igual que debemos actuar con outras placas, monumentos ou referencias que aínda se atopan na cidade relacionadas co dictador Francisco Franco ou con outros membros do seu goberno e coautores da brutal represión daquel réxime dictatorial.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da corporación a adopción dos seguintes **Acordos**:

1. O pleno do Concello de Ferrol manifesta a súa oposición a que os restos mortais do dictador Francisco Franco sexan trasladados a nosa cidade para a súa sepultura e dará conta deste acordo ao goberno do estado Español.
2. O Pleno do Concello de Ferrol acorda iniciar os trámites administrativos oportunos para recuperar a propiedade do panteón existente no cemiterio Municipal de Catabois cuxa presunta propiedade é da familia do dictador Francisco Franco.

3. O Pleno do Concello de Ferrol acorda iniciar o tramites oportunos para que se retire da fachada da coñecida como casa natal do dictador Francisco Franco a placa que ensalza a súa labor como caudillo de España. Así mesmo, retirará a placa inaugural existente na Porta Nova da nosa cidade (praza de España) por incumplir a Lei de memoria histórica.
4. O Pleno do Concello de Ferrol acorda dirixirse a empresa Facebook para en cumprimento da Lei de memoria histórica impedir que os e as súas usuarias poidan empregar a denominación "El Ferrol del Caudillo" na súa ubicación de procedencia ou estancia.
5. O Pleno do Concello de Ferrol acorda dirixirse á Xunta de Galiza e demais administracións públicas, ou empresas privadas como é o caso de "Google" para esixir a retirada da súa documentación pública e privada a referencia ao parque "Camilo Alonso Vega" por ser contrario à Lei de memoria histórica e porque o seu nome oficial é Alexandre Bóveda, tal e como foi aprobado no pleno municipal en marzo de 1981.
6. O Pleno do Concello de Ferrol acorda dirixirse ao cabildo do Hospital Juan Cardona da nosa cidade para esixir a retirada da estatua de homenaxe a Camilo Alonso Vega existente nos xardíns das súas instalacións.


Ferrol 17 de xullo de 2018



Iván Rivas Rico  
Portavoz Municipal do BNG

Sr. Alcalde do Concello de Ferrol



 <b>Concello de Ferrol</b> ORGANIZACIÓN Rexistro		O/A Xeixa/a Ramiro Moral
20 XUL 2018		
ENTRADA		
Resolución ó número		40.581
Persoas/a negociado		CX / C.A.

## MOCIÓN RELATIVA A POÑER A DISPOSICIÓN DOS VECIÑOS UN HORTO URBANO DENTRO DO PARQUE DO MONTÓN

O grupo municipal Cidadáns, ao amparo da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu estudo e posterior aprobación.

### Exposición de motivos:

O certo é que son moitas as cidades que nos últimos tempos foron sumando á iniciativa de poñer a disposición dos veciños hortos urbanos. Dous son os principais factores que motivan á xente para unirse a esta iniciativa: por unha banda a calidade do produto, así como a tranquilidade de saber a procedencia exacta do que un consome e doutra banda o aforro que supón. Ademais un horto urbano é un punto de encontro onde se poden fomentar valores sociais e comunitarios entre os veciños.

Noutras localidades galegas como Cambre, o Burgo, As Pontes, Eirís, A Coruña, Vigo entre outras, a través da concellería de Medio Ambiente, o Concello colabora na xestión destes hortos urbanos.

Debido a que hai un gran interese por parte dos veciños, desde Cidadáns instamos ao Concello a que defina unha normativa de usos para a xestión dos hortos urbanos como hai noutros Concellos de Galicia.

Ademais desde Cidadáns queremos propoñer que un dos hortos urbanos poidase situar dentro do Parque do Montón, pois a pesar de que se presentaron varias mocións para recuperar este parque na actualidade segue nun estado lamentable, mesmo hai uns días denunciábase o roubo das portas de acceso.


O abandono está a devorar a contorna dun xardín botánico de 28.000 metros cadrados e máis de mil de árbores. A nosa proposta supón unha oportunidade para sacar do estado de abandono un lugar no que actualmente se sitúa un vertedoiro incontrolado e sen seguridade, e mesmo donde hai ocupas.

É esencial iniciar as obras de conservación desta auténtica xoia de parque ofrecendo a posibilidade de que os veciños poidan gozar do seu propio horto urbano e outras actividades de lecer e de formación que devolvan a vida ao parque.

Por estes motivos, o Grupo Municipal Cidadáns, presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción do seguinte **acordo**:

- O Goberno Municipal definirá unhas normas comúns de desenvolvemento da actividade e o compromiso de boas prácticas na xestión dos hortos urbanos.

- O Goberno Municipal comprométese a colaborar estreitamente coa xestión dos hortos urbanos, en canto se vaian creando, fomentando os valores sociais e comunitarios.
- O Goberno Municipal comprométese a poñer a disposición dos veciños terreo para a creación dun horto urbano dentro do Parque do Montón en Caranza



Asinado – Ana Rodríguez Masafret  
Voceira do Grupo Municipal Cidadáns  
20-julio-2018



Concello de Ferrol ORGANIZACIÓN Rexistro		C/A Xefes/a Rexistro Xefes
20 XUL 2018		
ENTRADA	40603	
Precedente do d. número	<i>Secretaría de Alcaldía</i>	
Presentado o negociado	<i>Secretaría de Alcaldía</i>	



## MOCIÓN PARA SOLICITAR A POSTA EN MARCHA DE POLÍTICAS DE PREVENCIÓN EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS NOS CENTROS EDUCATIVOS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do disposto nos artigos 104 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol e nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta **MOCIÓN**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os consumos de drogas experimentaron en Galicia, o mesmo que no resto de España, un rápido crecemento desde mediados dos anos setenta, según o Plan de Transtornos Adictivos de Galicia 2011-2016. Un proceso que se viu favorecido pola irrupción no mercado dunha variada oferta de drogas ilícitas e, fundamentalmente, pola incorporación de adolescentes ao consumo de substancias como o tabaco ou o alcohol, ata entón restrinxido á poboación adulta.

Dito consumo pasou a converterse nun elemento de referencia da cultura xuvenil, ocupando un papel central no tempo de ocio da fin de semana e actuando como elemento de integración social. A conxunción destes factores traducíuse nun incremento xeneralizado dos consumos da maior parte das drogas, ata alcanzar máximos históricos nas súas



prevalencias de uso.

Segundo a enquisa sobre o uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (Estudes 2014-15) as substancias consumidas por unha maior porcentaxe de estudantes de 14 a 18 anos son o alcohol (o 73,6 % consumiu no nos últimos 12 meses), o tabaco (o 29,6 % consúmeo) e o cánnabis ( o 20,7 % recoñece consumo cánnabis no último ano).

Tendo en consideración todo isto é preciso promover a cooperación entre o concello de Ferrol e os centros educativos para traballar cos menores a prevención. Os centros educativos son o ámbito preferente para o desenvolvemento das políticas preventivas posto que, xunto coa familia, é a principal instancia socializadora, o que lle permite integrar a prevención das drogodependencias de forma natural no desempeño da súa función educativa xeral.

Ademais os centros educativos presentan múltiples vantaxes para a implementación de programas preventivos, dado que permiten intervir sobre o conxunto da poboación escolar dende idades moi temperás (previas ao inicio do consumo), facilitan a continuidade no tempo da acción preventiva, contan con recursos humanos especializados para o desenvolvemento de tarefas pedagóxicas e actúan como espazo de colaboración coa familia e axentes sociais.

De aí a importancia de que o concello de Ferrol siga desenrolando os programas "Cinensino" e "Educando en valores", recoñecidos de Interese Público pola consellería de Sanidade, como se viña facendo dende hai décadas polos diferentes gobernos locais, e que agora están paralizados privando aos escolares dende o curso pasado de accións en materia de prevención.

O programa "Cinensino" está dirixido aos alumnos de primeiro ciclo da ESO con idades comprendidas entre os 12 e os 14 anos, e traballa na prevención de drogodependencias a través de unidades didácticas nas aulas e da proxección de películas no teatro Jofre. Ata o de agora participaron 12 centros educativos tódolos anos. Mentres o programa "Educando en valores", no que participan 14 centros, está dirixido aos cursos de 4º, 5º y 6º de Educación Primaria con idades entre os 8 e os 11 anos, e ten actividades dirixidas á práctica de valores e habilidades sociais. Ao arredor de 2.000 escolares de centros de ensinanza pública e concertados participan tódolos anos nestes programas educativos, o que demostra a importancia de seguir educando aos nosos mozos na prevención das drogodependencias.

Dende o Partido Popular creemos que o goberno local está poñendo en risco que o ámbito educativo poida continuar coa implantación e seguimento destes programas, que posibilitan cambiar actitudes e hábitos non saudables nos mozos, ao non contratar dende o curso pasado estes dous programas. Ademais este ano o concello de Ferrol perdeu dúas subvencións que concede a Xunta de Galicia en materia de prevención en drogodependencias, que permitían o desenvolvemento dende hai máis de tres décadas de este tipo de accións implicando aos escolares, aos mozos a través da formación de mediadores sanitarios e á familia con charlas informativas para loitar contra o consumo de substancias adictivas entre os seus fillos.


Ao longo destas tres décadas o concello de Ferrol tamén contou coa participación dos centros educativos de Primaria e Secundaria, as ANPAS, e entidades adicadas ao campo da prevención como a Asociación de Ex-Alcohólicos, Érguete e Asfedro, así como, a Escuela de Formación de la Armada "Antonio de Escaño", colaboracións agora tamén perdidas.

Por iso, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción do seguinte **ACORDO**:

O Pleno da Concello **insta** ao goberno municipal a :


1. Instar ao goberno local a que con carácter urxente inicie o proceso de contratación dos programas de "Cinensino" y "Educando en valores" para os cursos escolares 2018-2019 e 2019-2020.
2. Potenciar o papel do profesorado na detección precoz dos consumos de drogas e outros comportamentos de risco realizados polos alumnos.
3. Solicitar á Xunta de Galicia as subvencións correspondentes aos ámbitos de prevención de drogodependencias tal e como se viña realizando ata o de agora polos diferentes gobernos municipais.

Ferrol, a 20 de xullo de 2018



Martina Aneiros Barros  
Portavoz Grupo Municipal Partido Popular

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FERROL



## MOCIÓN PARA APOIAR AS REIVINDICACIÓNS CIDADÁNS CONTRA A ELIMINACIÓN DO APARCADOIRO SOTERRADO DA PRAZA DE ARMAS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do disposto nos artigos 104 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol e nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta **MOCIÓN**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O barrio de A Magdalena constitúe unha zona central e fundamental na nosa cidade, tanto pola súa singularidade urbanística como polo feito de que tradicionalmente foi o centro neurálxico da actividade administrativa, comercial e hostaleira de Ferrol, configurando este barrio como un auténtico polo de atracción para os veciños e tamén para os visitantes.

Por iso, cómpre seguir apostando por este barrio mediante políticas que favorezan o asentamento de novas familias, así como medidas para incentivar a posta en marcha de novos locais comerciais e hosteleiros.

Neste mandato, o actual goberno municipal ten cometido diferentes erros directamente relacionados co futuro deste barrio e que resultaron claramente contrarios á súa dinamización e mellora. O Partido Popular ten demostrado o seu apoio ao Barrio de A Magdalena presentando iniciativas para reactivar a comercio, avanzar cara unha peonalización consensuada e

ordenada fronte a medidas impostas, e mellorar a imaxe e o estado das rúas do centro da cidade.

Jorge Suárez primeiro tratou de impoñer un proceso de peonalización salvaxe intentando pechar ao tráfico rodado practicamente todo o barrio, medida que pretendía levar a cabo inmediatamente despois da Semana Santa de 2017, decisión unilateral que tivo que rectificar e deixar sen efecto ante a presión cidadá e da oposición.

Por outra banda, iniciou os trámites para levar a cabo a remodelación da Praza de Armas, na que se contempla a eliminación do aparcamento soterrado, a pesar do déficit de prazas de estacionamento que hai no centro que xustificaría o mantemento deste aparcamento.

Ao mesmo tempo, o goberno municipal iniciaba un proceso de participación cidadá que resultou un auténtico paripé, coa instalación dunha urna na casa consistorial para facer unha consulta cidadá en materia de peonalización. Unha consulta da que resultou unha manifestación clara dos veciños en contra da supresión do aparcamento soterrado pero que foi desprezada por parte do executivo de Jorge Suárez que se negou a ter en conta a opinión dos veciños.

O certo é que, a pesar do sentir maioritario de rexeitamento á eliminación deste aparcamento e das dúbidas de legalidade do propio proxecto, o goberno local segue dando as costas á cidadanía e impulsando un proxecto que vai condenar ao barrio a seguir perdendo poboación e actividade que xenere riqueza e emprego para a cidade. Medidas como este proxecto só poden contribuír a desmotivar o emprendemento, baleirar o centro de Ferrol de veciños e actividade comercial e empresarial, en definitiva, a ir apagando progresivamente o barrio no canto de dinamizalo e

promover a actividade económica e comercial a fin de atraer veciños e visitantes.

Para agravar máis esta situación, hai que engadir o incumprimento das promesas de Jorge Suárez de mellorar o transporte público, de habilitar aparcamentos disuasorios, ou da firma de convenios cos aparcamentos para ofrecer tarifas reducidas aos residentes. Por outra banda, tamén podemos lembrar a falla de aprobación da Ordenanza Reguladora do Estacionamento (ORE), necesaria para ordenar o estacionamento en superficie na cidade e que segue paralizada por este goberno.

Por iso, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción do seguinte **ACORDO**:

O Pleno da Concello **insta** ao goberno municipal a :

1. Manifestar públicamente o apoio aos veciños, comerciantes, hosteleiros e demais colectivos contrarios á eliminación do aparcamento soterrado da praza de Armas.
2. Paralizar o proxecto de remodelación da praza de Armas, no que se prevé a supresión do aparcamento soterrado.

Ferrol, a 20 de xullo de 2018



Martina Aneiros Barros

Portavoz Grupo Municipal Partido Popular

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FERROL

**FERROL**  
GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Concello de Ferrol  
ORGANIZACIÓN  
Registro

20 XUL 2018

ENTRADA 40609

Secretaría Alcaldía

PSG  
PSOE



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A ELIMINACIÓN DOS SÍMBOLOS FRANQUISTAS NA CIDADE DE FERROL**

O Grupo Municipal Socialista, a través da súa voceira, Dona Beatriz Sestayo Doce, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte moción ao obxecto de ser Incluída na orde do día do Pleno Ordinario e para o seu debate no mesmo, baseada nos seguintes feitos:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A pretensión do Grupo Municipal Socialista de Ferrol é que se faga efectivo na Cidade de Ferrol o cumprimento da Lei de Memoria Histórica, unha Lei que desde a chegada do PP ao Goberno do Estado no ano 2011 mantivo paralizada. Cabe recordar que o Goberno do PP Interrompeu o cumprimento do Acordo do ano 2009 entre Defensa e o Concello de Ferrol para a eliminación dos símbolos franquistas do Arsenal Militar.

A Lei 52/2007 de 26 de decembro de Memoria Histórica, pola que se recoñecen e amplían dereitos e establecen medidas en favor de quenes padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, foi consensuada por entidades, asociacións e particulares, ata un número de 14.000, constituíndo un gran esforzo colectivo para restaurar a dignidade e a memoria deste país. Esta lei tivo como referente o recoñecemento ás vítimas e o seu cumprimento durante a pasada lexislatura foi exemplar.

Esta Lei que o anterior Goberno do PP tivo anestesiada e silenciada desde a súa chegada o Goberno no ano 2011, recolle no seu artigo 15.1 "As Administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura. Entre estas medidas poderán incluírse a retirada de subvencións ou axudas públicas."

Deste xeito, hai que sinalar que a parte fundamental do desenvolvemento da Lei fíxose a través do Goberno Socialista. Agora correspóndelle ao Goberno Local asumir e velar pola correcta execución da Lei de Memoria Histórica. Os Socialistas de Ferrol entendemos que a nosa iniciativa é unha reclamación de xustiza coas vítimas do franquismo e esiximos a continuación dos traballos da Lei de Memoria Histórica.

Ferrol aínda conserva no Arsenal Militar símbolos de exaltación da ditadura e a guerra civil. A cidade, aínda ostenta o escudo inconstitucional no edificio da Antiga Aduana, en Ferrol Vello, que pertence ao Ministerio de Facenda. Hai que lembrar que a Corporación do concello de Ferrol acordou en Pleno e remitiu en 2009 ao

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL**

# FERROL

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

ministerio de Defensa unha llistaxe de elementos franquistas a eliminar da cidade como a glorieta do Xeneralísimo, a rúa Almirante Carrero Blanco, rúa Almirante Honorio Saturnino Cornejo Carvajal, rúa almirante Manuel Vierna Belando, Rúa do Cruceiro Baleares, Avda. Almirante Salvador Moreno Fernández e a Praza do Marqués de Alborán. Neste sentido, o entón Goberno Socialista de Vicente Irsarri en Ferrol, modificou o rueiro e o Ministerio de Defensa do Goberno Socialista deu a súa resposta favorable para eliminar os símbolos franquistas do Arsenal militar. Todo isto viuse truncado coa chegada do Señor Mariano Rajoy ao Goberno que interrompeu o cumprimento destes acordos e Impediu a súa execución.

A vista de que a Cidade de Ferrol aspira a converterse en patrimonio da Humanidade e dado que o arsenal militar constitúe unha parte fundamental, é evidente que non se pode persistir en honrar a quen tralzoou a vontade do pobo e a legalidade.

Os Socialistas de Ferrol entendemos que o futuro da nosa cidade debe eliminar a ignominia, mirando cara o futuro, recoñecendo o pasado, e emendar os seus erros, facendo xustiza para vítimas, descendentes e familiares, xa que somos un pobo que non merecemos cargar con esa lastra do pasado. Os Socialistas reclamamos que a memoria de tantas e tantos represaliados e asasinados esixen actuacións inmediatas.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno Municipal o seguinte **ACORDO:**

**1.-** Instar ao Concello de Ferrol a que adopte con carácter inmediato as iniciativas necesarias para a retirada dos símbolos franquistas na cidade de Ferrol.

En Ferrol, a 20 de xullo de 2018





Asdo: Beatriz Sestayo Doce

Voceira do Grupo Municipal Socialista

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL**





## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A EXPOSICIÓN AO AMIANTO**

O Grupos Municipal Socialista presenta a través da súa voceira, Dona Beatriz Sestayo Doce e ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a seguinte moción ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno Ordinario e debatida no mesmo coa seguinte:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**


Transcorridos 21 meses do Pleno Ordinario celebrado en data 27 de outubro de 2016, e sendo aprobada por unanimidade de todos os Grupos Políticos da Corporación de Ferrol, unha moción presentada polo Grupo Socialista acordando a elaboración dun estudo do mapa do amianto que contemple as edificacións que podan estar afectadas, tomando parte especialmente activa na eliminación progresiva do amianto daqueles edificios que dependan directa ou indirectamente da Administración Local, e sen ter feito ningunha actuación por parte do Goberno Local a fin de cumprir o acordo plenario, vémonos obrigados a presentar novamente a mesma moción.

O texto da antedita moción aprobada por unanimidade o seguinte:

“Segundo a OMS uns 125 millóns de persoas de todo o mundo atópanse expostas ao amianto no seu lugar de traballo ás que habería que engadir ás expostas en razón da veciñanza e doméstica. A mesma fonte indica que cada ano morren no mundo máis de 100.000 persoas por patoloxías derivadas da dita exposición O dano causado polo amianto é tan inmenso e inhumano para miles de persoas que nada pode reparar a agresión xerada. Trátase non só de terribles efectos patolóxicos físicos senón dun dano moral que debe ser reparado.

Os que se cruzaron co amianto pasan a vida cun sufrimento psicolóxico terrible, dunha enfermidade con síntomas previsibles pero invisibles ata o irremediable Ferrol é o lugar de Europa con máis casos rexistrados de persoas afectadas polo amianto, concretamente por casos de mesotelioma, unha enfermidade vencellada en máis do 90 % á exposición de amianto.

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL**



Os estaleiros de Ferrol, hoxe afectados ademais por unha crise demoledora pola falta de carga de traballo e as gradas baleiras, teñen sido tamén un escenario de exposición cruenta ao amianto durante moitos anos. Miles de traballadores dos estaleiros traballaron dende a ditadura, moitos xa dende a adolescencia ao entrar aos 14 anos na escola de aprendices da antiga Bazán, e durante moitos anos expostos masivamente ás partículas venenosas que fixeron desenvolver a letal enfermidade cos anos. Os traballadores exercían os seus oficios sen información, que foi ocultada conscientemente cando xa se coñecía o efecto canceríxeno do amianto, sen medidas de seguridade e condenados de antemán por un único pecado: o de traballar de sol a sol.

De todos é coñecido que multitude de cubertas de Galicia (en construcións tanto urbanas como rurais) son de fibrocemento ou "uralita", material moi utilizado na construción durante tempo, por ser moi asequible economicamente. E ocorre que estas cubertas conteñen, na súa maior parte, amianto.

Polo tanto, supoñen un grande perigo para a saúde. Pero tamén para o medio ambiente: cando as veciñas e os veciños deciden substituír estas cubertas han de contratar a empresas especializadas, posto que a manipulación do fibrocemento xera, como se ten dito, riscos para a saúde e o material tense que depositar en lugares adecuados, habendo normas específicas para a eliminación de residuos.

Por todo o exposto anteriormente, elevase a seguinte proposta ó Pleno do Concello de Ferrol:

1.- Acordar a elaboración dun estudio do mapa do amianto que contemple as edificacións que podan estar afectadas, tomando parte especialmente activa na eliminación progresiva do amianto daqueles edificios que dependan directa ou indirectamente da Administración Local."



En Ferrol, a 20 de xullo de 2018

Asdo: Beatriz Sestayo Doce

Vocelra do Grupo Municipal Socialista

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL**